

AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS NO VIGO DA RECONQUISTA

A Voz de Galicia (9/11/2008)

«As embarcacións e mercancías capturadas ao inimigo pertencían só en pequena parte á Coroa, e o resto era repartido entre os armadores e tripulantes do buque apresador (...). As más abigarradas e valiosas mercancías chegaron así ao fondeadero do Areal entre 1740 e 1808: teas de Damasco, bacallau de Terranova, especias da India, velas de Bujía, viños do Porto, café de Moka; curtidos, tonelería, fardería, ferraxes, carbón... Podemos supor a alegria da poboación ao ver regresar ás súas naves, seica traendo ao costado á desmantelada embarcación inimiga coas adegas cheas de tanta riqueza».*

A pesca daba tamén traballo e recursos aos vigueses. O porto do Berbés bulía coas lanchas que chegaban cargadas de montañas prateadas de sardiñas. Os mariñeiros remaban con forza para chegar antes a porto e lograr o mellor prezo, nunha competición que logo se convertería en deporte, coas regatas de traiñeiras. O campo era a segunda actividade de Vigo, cun campesinado que se estendía polo fértil val do Fragoso e avanzaba cara a Coia e Bouzas, nunha sucesión de bosques, viñedos e maizales.

*JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Le atentamente o texto anterior, e contesta:

1. Cales eran as tres principais actividades económicas dos vigueses a principios do século XIX?
2. Suliña as procedencias das mercancías que chegaban a Vigo grazas á actividade corsaria.
3. Agora, segundo se trate de países, cidades ou illas, completa o seguinte cadro:

(Se non estás seguro, podes comprobalo nos seguintes enlaces)

Países	Cidades	Illas

<http://es.wikipedia.org/wiki/Bugía>

[http://es.wikipedia.org/wiki/Moca_\(Yemen\)](http://es.wikipedia.org/wiki/Moca_(Yemen))

http://es.wikipedia.org/wiki/Isla_de_Terranova

<http://es.wikipedia.org/wiki/Damasco>

<http://es.wikipedia.org/wiki/India>

<http://es.wikipedia.org/wiki/Oporto>

4. Agora, completa o seguinte cadro, indicando os topónimos (*nomes dun lugar*) anteriores, o país ó que pertencen, o continente onde está situado cada lugar, e o producto que se traía dende esos puntos xeográficos.

Topónimo	País	Continente	Producto procedente deste lugar

4. No seguinte enlace, atoparás mapas interactivos de todos os continentes. Investiga e descubre onde se sitúa cada un dos países que tes indicado no cadro anterior.

<http://www.kbears.com/europe.html>

5. No mapa adxunto, localiza a cidade de Vigo. A continuación, indica os países dos que procedían os produtos obtidos grazas a actividade corsaria.

6. Por último... onde se descargaban os productos da actividade corsaria?

Fíxate ben nese topónimo.

- A que cres que fará referencia?
- Coñeces a zona que hoxe denominamos de igual xeito?
- Que cres que ten pasado en todos estes anos?
(Podes fixarte nas ilustracións do caderniño Vigo a través da historia)